

ACTA DE APERTURA DO "SOBRE B" DO PROCEDIMENTO ABERTO CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE LACERÍA, CANCEIRA, RECOLLIDA E INCINERACIÓN DE CADÁVERES DE ANIMAIS ABANDONADOS/PERDIDOS NO CONCELLO DE AMES.

Na Casa Consistorial de Ames sendo as trece horas e trinta minutos do día 13 de xuño de 2017, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **SERVIZO DE LACERÍA, CANCEIRA, RECOLLIDA E INCINERACIÓN DE CADÁVERES DE ANIMAIS ABANDONADOS/PERDIDOS NO CONCELLO DE AMES.**

ASISTENTES:

Presidente:

Genma Otero Uhía, primeira tenente de alcalde do Concello de Ames.

Vogais:

Concepción Vilas Cantelar, Secretaria accidental do Concello de Ames.

M. Carmen Castro Doldán, Interventora accidental do Concello de Ames.

Rogelio Pardo Martínez, Xefe do Servizo de Contratación do Concello de Ames.

Secretaria:

María Lara Pedrosa Rodríguez, Auxiliar Administrativa do departamento de Contratación do Concello de Ames

Na sesión da mesa de contratación celebrada o pasado 2 de xuño de 2017, procedeuse á apertura dos sobres "A", que contiñan a documentación administrativa, das seguintes empresas que presentaron proposición:

1. Asociación protectora refugio de animales de Cambados.

Como resultado da valoración da documentación acordouse requirir a devandita asociación que aportará o anexo V (certificado sobre traballadores con discapacidade) do PCAP, para que no prazo de 3 días hábiles procedan a aportar a devandita documentación.

Aportada a documentación requirida en prazo por parte da empresa anteriormente citada, a Mesa de Contratación acorda por unanimidade a admisión do único licitador que presentou proposición:

1. Asociación protectora refugio de animales de Cambados.

A continuación procédese á apertura dos sobres B denominados "*Criterios subxectivos*". que conteñen as referencias técnicas dos licitadores.

Unha vez aberta a documentación e examinada polos membros da mesa de contratación, compróbase que a empresa admitida presenta a documentación esixida de acordo co disposto nos pregos que rexen a contratación do servizo.

Tendo en conta o detallado no parágrafo anterior, a mesa de contratación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

PRIMEIRO: Darlle traslado das ofertas técnicas presentadas polo licitador ao departamento de medio ambiente para que, con carácter previo ao acto de apertura das ofertas económicas, procedan a súa valoración de acordo cos criterios establecidos no prego de clausulas administrativas particulares.

SEGUNDO.- Unha vez valorados os criterios subxectivos que se conteñen no “Sobre B” do procedemento, procederase a publicar con 2 días de antelación no perfil do contratante e no taboleiro de edictos do concello a data e lugar do acto público de apertura dos “Sobres C” que conteñen as ofertas económicas e criterios obxectivos.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto, sendo as trece horas e coarenta e dous minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.

